

## **CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA O DESEÑO DO CARTEL DO DÍA 8 DE MARZO 2020 “DÍA INTERNACIONAL DA MULLER”**

Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, a Secretaría Xeral da Igualdade e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa convocan un concurso de carteis.

### **OBXECTO DO CONCURSO**

O obxecto do concurso é fomentar a promoción da igualdade dentro dos centros educativos de Galicia, a través dunha acción que visibilice a contribución das mulleres nos distintos ámbitos e promova a reflexión sobre os estereotipos de xénero que aínda existen na sociedade, as causas e a orixe da discriminación de xénero así como o camiño que as mulleres tiveron que percorrer para ver recoñecidos os seus dereitos.

A imaxe gráfica que resulte gañadora poderá ser utilizada pola Xunta de Galicia na conmemoración do Día Internacional da Muller, así como para outras accións de sensibilización e promoción da igualdade.

### **BASES DO CONCURSO**

#### **1. Participantes:**

Poderá participar no concurso calquera centro educativo de ensino non universitario que imparta ensinanzas de infantil, primaria, secundaria e formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, a través de equipos constituídos polo menos por unha/un docente que o coordine, e tantas alumnas e alumnos como se considere.

#### **1.1 Categorías:**

**1<sup>a</sup> Categoría.- Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º de educación primaria.**

**2<sup>a</sup> Categoría.- Alumnado 5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º de educación secundaria obligatoria (ESO).**

**3<sup>a</sup> Categoría.- Alumnado de 3º e 4º de educación secundaria obligatoria (ESO) e 1º e 2º de bacharelato, de FP básica, de ciclos de grao medio e de ciclos de grao superior.**

## 2. Temática e características técnicas das obras

O contido do cartel deberá difundir e transmitir unha mensaxe positiva sobre a participación activa das mulleres na sociedade, promovendo a loita contra as desigualdades de xénero.

O cartel realizarase en formato horizontal ou vertical coas medidas DIN A-3 (42 por 29,7 cm) e enviarase en formato papel e formato electrónico coa extensión JPG ou PDF, e deberá incluír obrigatoriamente a frase “*8 de marzo. Día Internacional da Muller*”, así como un lema en galego relacionado co fomento da igualdade de xénero e coa non discriminación.

Cada centro educativo poderá presentar un só traballo por cada categoría.

O traballo de deseño e elaboración do cartel deberá estar titorizado por unha ou un docente do centro, que guiará ao alumnado participante. O traballo pode ser individual ou colectivo. Procurarase que no alumnado participante exista unha representación equilibrada de nenos e nenas.

Tanto a técnica coma o estilo dos carteis serán libres. As composicións e os slogans deben ser orixinais e inéditos.

Non se poderán emplegar imaxes ou nomes que identifiquen marcas comerciais ou persoas recoñecidas no ámbito público.

O deseño premiado será susceptible de ser o cartel institucional conmemorativo do Día Internacional da Muller, podendo ser tamén utilizado en calquera outro evento ou publicación, facendo constar sempre a orixe do traballo, polo que a Xunta de Galicia reservase a facultade de inserir os logos que sexan necesarios, así como de realizar calquera tipo de modificación ou variación dos elementos do deseño gráfico.

## 3. Envío dos traballos

Os centros que desexen participar neste concurso poderán facelo dende o día seguinte ao de publicación das bases nas páxinas web da Secretaría Xeral da Igualdade e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ata o **día 20 de febreiro do 2020**. Non serán admitidos os traballos que sexan recibidos con posterioridade a esa data.

As obras remitiranse por correo ordinario en sobre pechado ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral da Igualdade, Edificio administrativo San Lázaro s/n 15781- Santiago de Compostela, facendo constar nel “*III Concurso de carteis 8 marzo*”.

O sobre debe de conter o cartel e un folio no que debe figurar a información recollida como anexo I a estas bases.

Co fin de axilizar a recepción dos traballos, os centros deberán adiantar a proposta do traballo á Secretaría Xeral da Igualdade mediante o envío (cartel en formato PDF ou JPG e a información identificativa do anexo I, ao seguinte enderezo electrónico: [concurso8m.igualdade@xunta.gal](mailto:concurso8m.igualdade@xunta.gal)). Esta forma de envío non exime aos centros de entregar os traballos tal e como se establece no primeiro parágrafo.

As propostas que non cumpran os criterios determinados nestas bases non serán

consideradas; tampouco serán tidos en conta aqueles carteis cuxo tema non sexa o sinalado nestas bases ou que non fosen realizados baixo a titorización de docentes do centro educativo.

#### **4. Xurado**

Para o ditame dos premios establecerase un xurado formado por:

- Presidencia: secretaria xeral da Igualdade, ou persoa en quen delegue.
- Vicepresidencia: director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.
- Todas as persoas integrantes da Comisión Asesora de Publicidade non Sexista e a subdirectora xeral de Promoción da Igualdade.
- Secretaria/o: unha funcionaria ou funcionario da Secretaría Xeral da Igualdade, que actuará con voz pero sen voto.

Para asegurar a máxima imparcialidade, o xurado non coñecerá a identidade das persoas e centros educativos participantes. A Secretaría Xeral da Igualdade fará chegar os carteis ao xurado e custodiará a documentación que identifique o centro e as persoas autoras das obras ata que se resolva o concurso.

Para que o xurado se constitúa e poida celebrar as sesións correspondentes precisarase quórum da maioría dos membros.

Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas asistentes e en caso de empate decidirá o voto da presidencia.

O ditame do xurado será inapelable, tendo ademais as facultades de interpretar as bases e determinar as normas do seu funcionamento, así como de declaralo deserto, de ser o caso.

O xurado valorará a orixinalidade, calidade do deseño, así como a transmisión dunha mensaxe clara de fomento dos valores de igualdade entre homes e mulleres e elixirá entre todos os carteis presentados os carteis gañadores.

#### **5. Entrega de premios**

O xurado recoñecerá o valor dos carteis finalistas, do alumnado e do profesorado encargado de supervisar e titorizar o seu traballo, nun acto público onde se fará entrega do primeiro e segundo premio para cada unha das categorías.

O lugar, a data e a hora comunicarase ao profesorado participante dos centros educativos que obteñan algúns dos premios e así mesmo publicarase nas páxinas web da Secretaría Xeral da Igualdade e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

## 6. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación íntegra e incondicional destas bases.

## 7. Cesión de dereitos de reproducción, difusión e exposición

A participación neste concurso leva implícita a cesión de dereitos de reproducción, difusión e exposición das obras premiadas; así como o dereito a retirar todos os demais traballos que non resultaron premiados.

En todo caso, sempre que se utilice algúns dos carteis premiados cos fins previstos nestas bases, nel figurará o nome do centro educativo que o elaborou.

Os centros participantes serán os responsables últimos de garantir o pleno respecto da normativa vixente de materia de protección de datos persoais do alumnado menor de idade que participe ou se vexa exposto nos produtos presentados a este concurso. Garantírase que a reproducción da imaxe de menores estará sempre autorizada con anterioridade conforme a normativa.

En calquera caso, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación á Secretaría Xeral da Igualdade. Edificio Administrativo San Lázaro, s/nº 15781 Santiago de Compostela, ou no enderezo de correo electrónico [igualdade@xunta.gal](mailto:igualdade@xunta.gal).

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Secretaría xeral da Igualdade

Manuel Corredoira López

Susana López Abella



## ANEXO I

### INFORMACIÓN OBRIGATORIA PARA ACOMPAÑAR Ó TRABALLO

Categoría:

Curso:

Apelidos e nome do alumnado autor:

Profesorado que titorizou a obra:

Nome do centro, endereço completo, teléfono e correo electrónico:

Persoa de contacto, teléfono e correo electrónico:

Título da obra e memoria breve que explique o significado do traballo:

